



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Exposición pública dos padróns fiscais (recibos) e listaxes complementarias (liquidacións) da taxa de colectores e estacións de bombeo dos trimestres 3º e 4º de 2022

EDICTO

A Alcaldía do Concello de Fene vén de aprobar os padróns fiscais de recibos e as listaxes complementarias de liquidacións da taxa polo servizo de colectores e estacións de bombeo de augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol, dos períodos impositivos que se indican deseguido:

- Terceiro trimestre de 2022: resolución da Alcaldía núm. 372/2026 de 23 de marzo
- Cuarto trimestre de 2022: resolución da Alcaldía núm. 381/2026 24 de marzo

Exposición pública

O padrón aprobado quedará exposto ao público no Concello de Fene polo prazo de 1 MES contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP, para o seu exame e a presentación de reclamacións perante a Alcaldía por parte das persoas interesadas.

A notificación das liquidacións individuais e os documentos cobratorios co detalle da débeda tributaria, así como a indicación do prazo e lugares para o pago, serán remitidos aos suxeitos pasivos pola Deputación da Coruña no exercicio das súas competencias delegadas en materia recadadora.

Recursos

Fronte a aprobación do padrón, as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, regulado no artigo 14.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dentro do prazo no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón. O recurso será resolto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación e entenderase rexeitado se non se resolve de maneira expresa no dito prazo.

- Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación da resolución do recurso de reposición ou ben, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que se teña producido o acto presunto, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso ou reclamación que estimen procedente.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente edicto que ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005)

Fene, asinado dixitalmente o 24 de marzo de 2026 pola alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso.

2026/1820